

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 217 DE AGOSTO DE 2023

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00034591A.**

[Aprobación da acta da sesión de 07/08/2023]

Apróbase a acta.

2. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00004762B.**

[Licenza de obra para construción vivenda unifamiliar na finca sita en Lg Fornas Parcela 1387-A.]

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira de data de visado do 21/01/2022 e a documentación presentada o 15/06/2023, cun orzamento de execución material de 143.885,03 €, a construción de vivenda unifamiliar, na finca sita en Lg Fornas, PARCELA 1387-A Santiago de Compostela (A Coruña).

3. **ALCALDÍA.** Referencia: **2023/00028477F.**

[Determinación do número e características de postos de persoal eventual]

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o número, retribucións e características do persoal eventual que se relaciona a seguir:

- Sete persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo A1 e nivel 22, cun custo anual de 45.890,84 euros cada posto.
- Unha persoa asesora, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo A1 e nivel 20, cun custo anual de 39.296,98 euros.

Segundo. Suprimir os postos de persoal eventual que se indican, a fin de adecuar o número de efectivos desta natureza ao recollido no Cadro de Persoal vixente:

- Dúas persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 18, cun custo anual de 31.464,66 euros cada posto.

4. **XESTIÓN DE PERSOAL.** Referencia: **2023/00025614L.**

[Aboamento de defensa e representación exconcelleiro polo Partido Socialista no Concello de Santiago de Compostela, Bernardino Higinio Rama Seoane]

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade ao exconcelleiro do Grupo do Partido Socialista, Bernardino Higinio Rama Seoane, sobre gastos de representación ocasionados polas Dilixencias Previas procedemento abreviado 338/2014 tramitada perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo e inhibidas ao Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, baixo as Dilixencias Previas 476/2020.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación de avogado por un importe total de TRINTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (31.375,30 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de CINCO MIL CATROCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (5.445,30 €), a aboar Santullano Abogados

-Jesús Fernández Fernández.

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de procurador por importe total de SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (784,73 €), IVE engadido, desta cantidade farase a oportuna retención de IRPF e o importe líquido resultante (707,28 €) será aboado directamente ao procurador Álvaro Martín-Buitrago Calvet.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00019696N.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DO CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE, para a anualidade 2023.

Acórdase aprobar o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, por importe de 20.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890004, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

6. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00030812L.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN CULTURAL ROCHA FORTE.

Acórdase aprobar o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte, por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890003, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

7. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2023/00031250C.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e EL CORTE INGLÉS para as festas do Apóstolo 2023

Acórdase aprobar o texto do convenio entre a empresa El Corte Inglés S. A. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración da primeira na celebración do Día do Traxe Galego, o día 29 de xullo de 2023, dentro do programa das festas do Apóstolo.

8. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00035212A.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2023/1060 emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU, en concepto de servizos de telecomunicacións bloque i: conexións cloud, correspondente ao mes de xuño do ano 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.308,57 €) correspondentes á factura número F/2023/3622, en concepto de servizos de telecomunicacións bloque i: conexións cloud, correspondente ao mes de xuño do ano 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00034537H.**

Continuidade na prestación dos servizos obxecto do contrato “CON/42/2012-Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase a continuidade na prestación dos servizos obxecto do contrato “CON/42/2012-Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela”, nos mesmos termos que os previstos no contrato adxudicado no caso do Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e nos termos verbais acordados con data 1 de xaneiro de 2023 no caso do Servizo de Atención ao Usuario (CAU), e polo tempo imprescindible ata a adxudicación dos novos contratos que se encontran en proceso de licitación.

10. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00035188W.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas, en concepto de varios servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre 20/12/2022 e xuño de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL OITOCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON STENTA E SETE CÉNTIMOS (3.873,77 €) que comeza pola factura número F/2023/2350 por importe de 43,96 euros, e remata pola número F/2023/3715 por importe de 3,17 euros, todas elas en concepto de servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre 20/12/2022 e xuño de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00033077F.

Aprobación da orde de continuidade á asociación “ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO”, na prestación do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer María Miramontes (CON/22/2019) nas mesmas condicións nas que o viña facendo e polo tempo imprescindible ata adxudicar un novo contrato.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a orde de continuidade á asociación “ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO”, na prestación do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer María Miramontes (CON/22/2019) nas mesmas condicións nas que o viña facendo e polo tempo imprescindible ata adxudicar un novo contrato.

Segundo.- Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

Terceiro.- Notificar esta acordo á asociación “ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO”.

12. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00033023E.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e

implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento (CON/11/15), correspondente ao mes da xuño, levada a cabo pola entidade ACEINSA. |

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de xuño de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cincuenta e un mil cento corenta e cinco euros con trinta e oito céntimos (51.145,38€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalo.

13. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00034591A.

|Declaración de ausencia de conflito de intereses en procedemento de contratación. |

Os membros da Xunta de Goberno Local declaran a ausencia de conflito de intereses ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación “Obras de rehabilitación integral do Pavillón Municipal de Vite, cofinanciado polos fondos NextGeneration” (Expediente: 2023/21797C), como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00021797C.

|Aprobación expediente de contratación das obras de rehabilitación integral do Pavillón Municipal de Vite, cofinanciado polos Fondos NextGeneration. |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Obras de rehabilitación integral do Pavillón Municipal de Vite, cofinanciado polos Fondos NextGeneration, cun orzamento base de licitación de 1.325.276,86 € (base impositiva de 1.095.270,13 € máis IVE do 21% de 230.006,73 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: autorizar, ao abeiro dos artigos 174.3 e 174.5 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio; as seguintes porcentaxes de gasto anual:

ANUALIDADE	PORCENTAXE DE GASTO
2023	49,9995 %
2024	50,0005 %

Cuarto: aprobar o gasto correspondente por importe de 1.325.276,86 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 93302 6320001 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 1), cuxa desagregación por anualidades é:

ANUALIDADE	IMPORTE
2023	662.632,30 €
2024	662.644,56 €

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 TRLRFL e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, do 20 de abril. Este contrato está cofinanciado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029942P.

Tomar coñecemento da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, propiedade de Laudina Mosquera Míguez, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2023 ata o 15 de xullo de 2024. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 2 de xaneiro de 2003, na súa cláusula cuarta establece que en caso de prórroga incrementarase a renda conforme a variación do Índice Xeral de Prezos ao Consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2022 ata xuño de 2023), a renda definitiva a partir de 16 de xullo de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2023. Para o mes de xullo de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 708,29 € mais IVE 21% (148,74 €), total: 857,03 €.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.284,36 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC.

ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2023 (16/07/2023 ata 31/12/2023): 4.713,67 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 15/07/2024): 5.570,69 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de xuño de 2023 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 16 de xullo de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038019N.

Reixeitamento da petición formulada, pola empresa SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L., adxudicataria do contrato de Servizos para prestación integral do servizo de axuda no fogar no termo municipal de Santiago de Compostela (A Coruña), con data 12 de xuño de 2023, de reequilibrio económico. |

Acórdase o rexeitamento da petición formulada pola empresa SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L., adxudicataria do contrato de Servizos para prestación integral do servizo de axuda no fogar no termo municipal de Santiago de Compostela (A Coruña), con data 12 de xuño de 2023, de reequilibrio económico.

17. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00030871D.

Apróbación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. pola contía de 9.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022-(Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

18. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00031521S.

Apróbación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume).]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) pola contía de 30.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102- 4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023) -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

19. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00019337K.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, de data 08/08/2023, para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela pola contía de 11.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) -Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00025456E.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia de A Coruña (ASPANAES), de data 11/08/2023.]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Pais de Persoas con

Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia de A Coruña (ASPANAES) pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022- (Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023) - artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-, e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00026541A.**

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago, de data 07/08/2023. Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago pola contía de 60.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800013, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) - Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00034641F.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PO 7619/2021 TSX |

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Remitir ao Auditorio de Galicia para a súa constancia

URXENCIAS

1.CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00016091H.**

Subministración para o Concello de Santiago de Compostela de material de oficina (Lote I) e de cadeiras ergonómicas de oficina (Lote II)

Acórdase:

Primeiro: excluír á empresa AGROLIBER, S.L, B15416639 do procedemento de adxudicación (Lote I), por ofrecer no artigo 178 – FECHADOR TRODAT 4810 un prezo por unidade superior ao establecido no PCAP para ese artigo, de conformidade co previsto na cláusula 6 do PCAP que establece que o Concello de Santiago de Compostela fixa prezos unitarios máximos que determinarán a exclusión de calquera oferta por importe superior.

Segundo: adxudicar o contrato de Subministración para o Concello de Santiago de Compostela de material de oficina (Lote I) a favor de, PAIPEL-OR, SL, que se compromete a subministrar os produtos definidos no Prego técnico do lote I de acordo cos prezos unitarios incluídos na súa oferta e ata un importe máximo de 42.010,37 euros/ano (IVE aparte 21%: 8.822,18 euros/ano), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. e cumprir cos requisitos esixidos nos pregos.

Terceiro: adxudicar o contrato de Subministración para o Concello de Santiago de cadeiras ergonómicas de oficina (Lote II) a favor de, KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA,S.L, que se compromete a subministrar os produtos definidos no Prego técnico do lote II de acordo cos prezos incluídos na súa oferta e ata un importe

máximo de 6.000 euros/ano (IVE aparte 21%: 1.260,00 euros/ano), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas, e cumprir cos requisitos esixidos nos pregos.

A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o Servizo de Contratación, que adscribe a este cometido ao funcionario de dito Servizo, Francisco Javier Míguez Castro.

Cuarto: comprometer o gasto por importe de 116.185,10 euros que se financiará con cargo ás aplicacións orzamentarias 030 92000 2200000 - Lote I e 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3) - Lote II, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2023 : 24.205,23

Lote I: 21.180,23 €. - 030 92000 2200000

Lote II: 3.025,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)

Anualidade 2024: 58.092,55 €

Lote I: 50.832,55 €. - 030 92000 2200000

Lote II: 7.260,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)

Anualidade 2025: 33.887,32 €.

Lote I: 29.652,32 €. - 030 92000 2200000

Lote II: 4.235,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)

2. OFICINA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E TURISMO- Referencia: 2023/00016750X.

Convenio de colaboración do Concello de Santiago coa Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración do Concello de Santiago coa Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa 2023.

Segundo. Aprobar o gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 3.000,00 € con cargo á aplicación 070 92501 4890001 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

3. ASESORÍA XURÍDICA- Referencia: 2022/00015461J.

Dación de conta á xunta de goberno da sentenza 239/2023

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.